

**INFORME CLIMATOLÓGICO
MES DE FEBREIRO DE 2013**



ÍNDICE

| | | |
|-------------|------------------------------------------------------------------------------------------|-----------|
| 1 | DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES | 2 |
| 2 | ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA | 3 |
| 3 | RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA. | 5 |
| 4 | TEMPERATURA | 8 |
| 4.1. | Temperatura máxima media mensual. | 8 |
| 5 | Temperatura mínima media mensual. | 9 |
| 5.1. | Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1971-2000 febreiro. | 10 |
| 5.2. | Evolución da temperatura media no período 1961-2013. | 14 |
| 6 | PRECIPITACIÓN | 15 |
| 6.1. | Precipitación acumulada mensual febreiro 2013 | 15 |
| 6.2. | Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal. | 16 |
| 6.3. | Días de chuvia en febreiro de 2013 | 17 |
| 6.4. | Evolución da precipitación en febreiro de 2013 | 19 |
| 7 | VENTO | 20 |
| 8 | RADIACIÓN SOLAR | 24 |
| 8.1. | Mapa de irradiación solar mensual | 24 |
| 8.2. | Anomalía de insolación con respecto ó valor normal | 25 |
| 9 | RAIOS | 26 |
| | Anexo: Resumo mensual | |

Data edición: 14/3/2013.

Mes frío e seco, coa excepción do norte da provincia de Lugo, que resultou húmido.

1 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de febreiro foi máis cambiante que os anteriores, con algún período de suroeste e chuvia xeneralizada, pero non tan predominante como en decembro e xaneiro. A cambio, tivemos algún período anticiclónico e dúas entradas de aire frío que deixaron episodios de neve en cotas baixas.

O mes comezou na súa primeira xornada cunha situación de chuvia xeneralizada, temperatura suave e ventos do suroeste; pero entre os días 2 e 9, un anticiclón estivo estacionario preto dos Azores e polo tanto, o predominio foi de estabilidade atmosférica. Aínda así, a presenza de borrascas en Europa e no Mediterráneo occidental, deron lugar á chegada de aire frío e por momentos con humidade. Deste xeito, durante ese período predominou o tempo seco e frío, con algunhas chuvias febles no litoral e na metade norte. A excepción foi a xornada do día 6, cando as precipitacións foron máis xeneralizadas e, coa chegada de aire frío marítimo, foron de neve en cotas por debaixo dos 1000 metros, con avisos amarelos por acumulación importante de neve nas áreas de montaña de Lugo e Ourense.

Na xornada do día 10 comezou a aproximarse a Galicia una borrasca dende a zona de Islandia. Isto, combinado coa presenza do anticiclón nos Azores, propiciou a entrada dunha masa de aire polar marítimo que deixou precipitacións xeneralizadas entre os días 10 e 12, en gran parte en forma de neve. A cota chegou a estar por debaixo dos 500 metros de altura e os avisos por acumulación de neve apareceron novamente en tódalas áreas do interior. Loxicamente as temperaturas neste período foron baixas, con máximas que en xeral quedaron por debaixo dos 10°C.

Entre as xornadas do 13 e o 16, ambos inclusive, tivemos un período anticiclónico moi tranquilo, no que as temperaturas se foron recuperando progresivamente e apenas tivemos precipitacións.

No seguinte período, entre o 17 e o 20, a presenza de borrascas no Atlántico norte deixou ventos do suroeste, polo que as temperaturas seguiron sendo suaves, pero esas borrascas tamén deixaron inestabilidade e polo tanto un predominio de ceos anubrados e algunhas

chuvias, pero de escasa entidade. Isto foi debido a que estivemos no borde da influencia desa borrasca.

A partir do 21, a inestabilidade foi en aumento, polo que as precipitacións nas xornadas do 21 e 22 foron máis xeneralizadas e de maior intensidade. O movemento da baixa cara ao Mediterráneo Occidental ocasionou nas xornadas do 23 e 24 a segunda chegada de aire moi frío do mes, neste caso de orixe polar continental. As temperaturas descenderon nesas xornadas e polo tanto tamén o fixo a cota de neve que volveu estar por debaixo dos 800 metros. De feito, na xornada do 23 non se rexistraron apenas precipitacións, agás en puntos illados das provincias de Lugo e Ourense, pero si tivemos máis precipitacións na xornada do 24.

O día 25 quedamos baixo a influencia desa masa de aire polar, que por ter orixe continental era seca, apenas se rexistraron precipitacións de importancia. Pero os días 26 e 27 os ventos cambiaron a nordés e a humidade do Cantábrico provocou chuvia na metade norte de Galicia.

Por fin, na derradeira xornada do mes tivemos tempo seco e as temperaturas comezaron a ascender. Neste período, entre o 24 e o 28, rexistráronse as temperaturas máis baixas do inverno, cunha mínima absoluta de -11.4°C en Cabeza de Manzaneda na madrugada do 25.

2 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA

Nos mapas de anomalías de presión, tanto en superficie (figura 1) como en altura (figura 2) pódese ver unha anomalía negativa no Mediterráneo que explica o feito de que o mes non fose tan chuvioso como os anteriores, pero pola contra, as temperaturas fosen máis baixas. Eses centros de baixas presións no Mediterráneo achegan masas de aire dende o norte, que poden vir cargadas de humidade, como sucedeu na primeira quincena do mes, ou máis secas como nos derradeiros días, pero as temperaturas en ambos casos serán baixas.



Anomalías de presión a nivel medio do mar Febreiro 2013




Figura 1: Anomalías de presión en superficie, febreiro de 2013.

Anomalías de xeopotencial en 500 hPa. Febreiro 2013




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa, febreiro de 2013

3 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de Meteogalicia (Coruña, Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-estación completa / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET, e Lourizán, da CMATI), no período 1971-2000.

O valor climático corresponde co promedio destes 30 anos para o mes considerado. Móstrase tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m²). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.

A CORUÑA

| | FEBREIRO 2013 | VALORES CLIMÁTICOS | valor máximo da serie | valor mínimo da serie |
|----------------------------------|------------------|-----------------------|--------------------------|--------------------------|
| T ^a media | 10.4 | 10.9 | 13.4 (1990) | 9.3 (1983) |
| T ^a mínima media | 8.1 | 8.0 | 10.8 (1990) | 6.1 (1981) |
| T ^a mínima absoluta | 3.4 (día 25) | 0.2 (15/2/1983) | | |
| T ^a mínima máis alta | 11.3 (día 14) | 14.6 (27/2/1987) | | |
| T ^a máxima media | 13.2 | 13.7 | 16.7 (1998) | 11.8 (1973) |
| T ^a máxima absoluta | 17.5 (día 21) | 24.6 (27/2/1997) | | |
| T ^a máxima máis baixa | 8.2 (día 23) | 4.6 (13/2/1983) | | |
| Precipitación acumulada | 106 | 71-106 | 234 (1979) | 18 (1993) |
| Días de chuvia (≥1mm) | 17 | 14 | 23 (1986) | 3 (1993) |

Comentario: Mes normal no que se refire as temperaturas máximas e mínimas mentres que en canto á temperatura media o mes resultou frío.

A precipitación recollida está dentro da normalidade. Porén, o número de días de chuvia é superior ó valor climático agardado.

**SANTIAGO**

| | FEBREIRO 2013 | VALORES CLIMÁTICOS | valor máximo da serie | valor mínimo da serie |
|-------------------------|------------------|-----------------------|--------------------------|--------------------------|
| Tª media | 7.9 | 9.5 | 11.8 (1998) | 7.4 (1983) |
| Tª mínima media | 5.0 | 5.5 | 7.5 (2000) | 3.5 (1984) |
| Tª mínima absoluta | 0.3 (día 25) | -2.7 (16/2/1983) | | |
| Tª mínima máis alta | 9.1 (día 14) | 12.9 (20/2/1990) | | |
| Tª máxima media | 11.3 | 13.5 | 17.6 (1998) | 10.5 (1983) |
| Tª máxima absoluta | 18.3 (día 15) | 22.8 (22/2/1990) | | |
| Tª máxima máis baixa | 7.0 (día 23) | 3.6 (4/2/1994) | | |
| Precipitación acumulada | 126 | 144-170 | 347 (1986) | 25 (1993) |
| Días de chuvia (≥1mm) | 10 | 14 | 22 (1986) | 4 (1998) |

Comentario: O mes resultou moi frío tendo en conta as temperaturas máximas e medias, pero resultou normal para as temperaturas mínimas.

A precipitación rexistrada é inferior ó valor climático normal polo que o mes considérase seco. Isto se reflicte tamén no número de días de chuvia tamén moi inferior ó agardado.

* valores climáticos calculados excepcionalmente nesta serie dende 1982.

LUGO

| | FEBREIRO 2013 | VALORES CLIMÁTICOS | valor máximo da serie | valor mínimo da serie |
|-------------------------|------------------|-----------------------|--------------------------|--------------------------|
| Tª media | 6.5 | 7.5 | 10.7 (1990) | 3.9 (1981) |
| Tª mínima media | 2.9 | 3.2 | 7.5 (1990) | -1.1 (1981) |
| Tª mínima absoluta | -0.8 (día 25) | -9.0 (17/2/1983) | | |
| Tª mínima máis alta | 7.4 (día 21) | 15.0 (28/2/1987) | | |
| Tª máxima media | 10.8 | 11.7 | 16.1 (1998) | 8.6 (1984) |
| Tª máxima absoluta | 16.7 (día16) | 23.0 (27/2/1997) | | |
| Tª máxima máis baixa | 6.2 (día 23) | 1.0 (11/2/1978) | | |
| Precipitación acumulada | 106 | 60-99 | 275 (1979) | 22 (1992) |
| Días de chuvia (≥1mm) | 14 | 12 | 23 (1977) | 3 (1998) |

Comentario: Nesta localidade o mes considérase frío tendo en conta as temperaturas medias e máximas mentres que é normal para as temperaturas mínimas.

A precipitación rexistrada é superior ó rango de valores normais polo que, o mes considérase húmido. Porén, o número de días de chuvia supera o valor climático agardado.

**PONTEVEDRA (LOURIZÁN)**

| | FEBREIRO 2013 | VALORES CLIMÁTICOS | valor máximo da serie | valor mínimo da serie |
|-------------------------|------------------|-----------------------|--------------------------|--------------------------|
| Tª media | 9.1 | 9.9 | 12.8 (1990) | 8.3 (1972) |
| Tª mínima media | 5.3 | 5.2 | 9.7 (1990) | 3.2 (1999) |
| Tª mínima absoluta | 0.3 (día 25) | -2.8 (12/2/1978) | | |
| Tª mínima máis alta | 10.0 (día21) | 14.5 (15/2/1995) | | |
| Tª máxima media | 13.8 | 14.6 | 18.3 (1998) | 12 (1972) |
| Tª máxima absoluta | 17.7 (día 15) | 23.5 (14/2/1998) | | |
| Tª máxima máis baixa | 9.0 (día 23) | 5.9 (17/2/1973) | | |
| Precipitación acumulada | 106 | 151-197 | 526 (1979) | 12 (1993) |
| Días de chuvia (≥1mm) | 11 | 13 | 23 (1977) | 3 (1998) |

Comentario: Mes frío tendo en conta as temperaturas máximas e medias mentres que é normal para as temperaturas mínimas.

A precipitación rexistrada é inferior ó rango de valores normais para esta variable, polo que o mes considérase seco. O número de días de chuvia é inferior o valor agardado

OURENSE

| | FEBREIRO 2013 | VALORES CLIMÁTICOS | valor máximo da serie | valor mínimo da serie |
|-------------------------|------------------|-----------------------|--------------------------|--------------------------|
| Tª media | 7.5 | 9.2 | 12.3 (1990) | 7.4 (1991) |
| Tª mínima media | 3.1 | 3.7 | 8.0 (1990) | 0.7 (1993) |
| Tª mínima absoluta | -3.4 (día 26) | -5.2 (12/2/1978) | | |
| Tª mínima máis alta | 9.2 (día 21) | 13.0 (8/2/1979) | | |
| Tª máxima media | 13.3 | 14.7 | 18.9 (1998) | 11.3 (1981) |
| Tª máxima absoluta | 19.2 (día 15) | 24.8 (25/2/2000) | | |
| Tª máxima máis baixa | 9.1 (día 23) | 5.0 (18/2/1991) | | |
| Precipitación acumulada | 56 | 57-68 | 245 (1979) | 4 (1993) |
| Días de chuvia (≥1mm) | 10 | 10 | 21 (1977) | 1 (1992) |

Comentario: Mes normal para as temperaturas mínimas fronte ás temperaturas máximas e medias, para as que o mes resultou moi frío.

A precipitación rexistrada está moi preto do rango de valores normais, o número de días de chuvia tamén acadaron valores normais.

4 TEMPERATURA

As temperaturas estiveron en xeral por debaixo do agardado nun mes de febreiro. A diferenza dos anteriores meses de inverno, os ventos do suroeste non predominaron e tivemos dúas entradas de aire frío particularmente intensas na derradeira semana do mes, o cal arrastrou a media cara valores máis baixos do normal.

4.1. Temperatura máxima media mensual.




Figura 3: Mapa de temperatura máxima media do mes de febreiro de 2013.



5 Temperatura mínima media mensual.




Figura 4: Mapa de temperatura mínima media do mes de febreiro de 2013.



5.1. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1971-2000 febreiro.




Figura 5: Mapa de anomalía de temperatura media (°C) de febreiro respecto al período 1971-2000.



A táboa 1 mostra as anomalías positivas máis destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ó período climático 71-00. Neste mes moi poucas localidades presentaron anomalías positivas.

| Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media | | |
|--------------------------------------------------|------------|---------------|
| con respecto ao período 1971-2000 | | |
| Concello | Provincia | Anomalía (°C) |
| Bóveda | Lugo | 0.1 |
| Tui | Pontevedra | 0.0 |
| Culleredo | A Coruña | -0.1 |
| Vilaboa | Pontevedra | -0.1 |
| Malpica de Bergantiños | A Coruña | -0.1 |
| Guitiriz | Lugo | -0.1 |
| Camariñas | A Coruña | -0.1 |
| Sada | A Coruña | -0.2 |
| Begonte | Lugo | -0.2 |
| Vilalba | Lugo | -0.2 |

Táboa 1: Anomalías máis elevadas no mes de febreiro de 2013.

| Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media | | |
|---------------------------------------------------|------------|---------------|
| con respecto ao período 1971-2000 | | |
| Concello | Provincia | Anomalía (°C) |
| Carballeda de Valdeorras | Ourense | -2.2 |
| Vilariño de Conso | Ourense | -2.2 |
| Meis | Pontevedra | -2.0 |
| Veiga (A) | Ourense | -1.9 |
| Viana do Bolo | Ourense | -1.9 |
| Meaño | Pontevedra | -1.8 |
| Chandrea de Queixa | Ourense | -1.8 |
| Porto do Son | A Coruña | -1.8 |
| Verea | Ourense | -1.8 |
| Gudiña (A) | Ourense | -1.8 |

Táboa 2: Anomalías máis baixas no mes de febreiro de 2013.

A táboa 2 amosa as anomalías máis baixas rexistradas nos concellos galegos; con respecto ao período climático 1971-2000. As comarcas de Viana e Valdeorras son algunhas zonas onde se acadaron as anomalías de temperatura máis baixas.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega no mes de febreiro de 2013 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. As xornada do 15 e o 16 presentaron os valores máis altos de temperatura do mes de febreiro.

| Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de febreiro de 2013 | | | | |
|-------------------------------------------------------------------------------|-----------------|-----------------|------------------|----------------|
| por debaixo dos 1000m de altitude | | | | |
| Data | Estacion | Concello | Provincia | TA (°C) |
| 15/02/2013 | EVEGA Leiro | Leiro | Ourense | 20.5 |
| 15/02/2013 | Remuíño | Arnoia | Ourense | 19.5 |
| 15/02/2013 | Vigo | Vigo | Pontevedra | 19.4 |
| 20/02/2013 | Lourenzá | Lourenzá | Lugo | 19.4 |
| 15/02/2013 | Ourense | Ourense | Ourense | 19.2 |
| 15/02/2013 | Areas | Tui | Pontevedra | 19.2 |
| 15/02/2013 | Cespón | Boiro | A Coruña | 19.1 |
| 16/02/2013 | San Clodio | Ribas de Sil | Lugo | 19.0 |
| 15/02/2013 | A Granxa | Ponteareas | Pontevedra | 19.0 |

Táboa 3: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de febreiro de 2013 a altitude menor de 1000 m.

| Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de febreiro de 2013 | | | | |
|-------------------------------------------------------------------------------|-----------------|--------------------------|------------------|----------------|
| por enriba dos 1000m de altitude | | | | |
| Data | Estacion | Concello | Provincia | TA (°C) |
| 04/02/2013 | O Invernadeiro | Vilariño de Conso | Ourense | 15.1 |
| 04/02/2013 | A Mezquita | A Mezquita | Ourense | 13.5 |
| 15/02/2013 | Xurés | Muiños | Ourense | 13.4 |
| 16/02/2013 | Corzos | A Veiga | Ourense | 12.6 |
| 16/02/2013 | O Cebreiro | Pedrafita do Cebreiro | Lugo | 12.3 |
| 15/02/2013 | San Xoán de Río | San Xoán de Río | Ourense | 12.2 |
| 16/02/2013 | Serra do Eixe | O Barco del Valdeorras | Ourense | 11.4 |
| 16/02/2013 | Casaio | Carballeda de Valdeorras | Ourense | 10.8 |
| 04/02/2013 | Lardeira | Carballeda de Valdeorras | Ourense | 10.4 |
| 16/02/2013 | Alto do Poio | Pedrafita do Cebreiro | Lugo | 10.3 |

Táboa 4: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de febreiro de 2013 a altitude maior de 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade Galega no mes de febreiro de 2013 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente.

| Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de febreiro de 2013 | | | | |
|-------------------------------------------------------------------------|---------------------|--------------------------|-----------|---------|
| por enriba dos 1000m de altitude | | | | |
| Data | Estacion | Concello | Provincia | TA (°C) |
| 25/02/2013 | Cabeza de Manzaneda | Manzaneda | Ourense | -11.4 |
| 25/02/2013 | Xares | A Veiga | Ourense | -9.7 |
| 25/02/2013 | Lardeira | Carballeda de Valdeorras | Ourense | -8.7 |
| 25/02/2013 | Corzos | A Veiga | Ourense | -8.6 |
| 25/02/2013 | O Cebreiro | Pedrafita do Cebreiro | Lugo | -7.2 |
| 25/02/2013 | O Invernadeiro | Vilariño de Conso | Ourense | -7.2 |
| 23/02/2013 | Ancares | Cervantes | Lugo | -6.9 |
| 25/02/2013 | San Xoán de Río | San Xoán de Río | Ourense | -6.1 |
| 23/02/2013 | Alto do Poio | Pedrafita do Cebreiro | Lugo | -5.5 |
| 25/02/2013 | A Mezquita | A Mezquita | Ourense | -5.5 |

Táboa 5: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de febreiro de 2013 altitude superior a 1000 m.

| Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de febreiro de 2013 | | | | |
|-------------------------------------------------------------------------|---------------|------------------|------------|---------|
| por debaixo dos 1000m de altitude | | | | |
| Data | Estacion | Concello | Provincia | TA (°C) |
| 26/02/2013 | Calvos | Calvos de Randín | Ourense | -8.8 |
| 26/02/2013 | Baltar | Baltar | Ourense | -7.4 |
| 26/02/2013 | Verín-Vilela | Verín | Ourense | -6.9 |
| 26/02/2013 | Montederramo | Montederramo | Ourense | -6.9 |
| 26/02/2013 | Viana do Bolo | Viana do Bolo | Ourense | -6.1 |
| 28/02/2013 | Mourelle | Sarria | Lugo | -5.8 |
| 26/02/2013 | Xinzo | Xinzo de Limia | Ourense | -5.6 |
| 26/02/2013 | Oímbra | Oímbra | Ourense | -5.3 |
| 25/02/2013 | Mouriscade | Lalín | Pontevedra | -5.1 |
| 25/02/2013 | Riós | Riós | Ourense | -4.9 |

Táboa 6: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de febreiro de 2013 altitude inferior a 1000m.



5.2. Evolución da temperatura media no período 1961-2013.




Figura 6: Evolución da temperatura media ó longo do período 1961-2013 para febreiro.




Figura 7: Anomalía da temperatura media ó longo do período 1961-2013 para febreiro.

6 PRECIPITACIÓN

As precipitacións estiveron en xeral en valores normais en puntos do norte, pero por debaixo do agardado no sur. Este patrón está asociado cos ventos de compoñente norte que predominaron nos dous episodios de entrada de aire frío. Neste caso os episodios de ventos de sur non deixaron chuvias de moita importancia.

6.1. Precipitación acumulada mensual febreiro 2013




Figura 8: Mapa de precipitación acumulada no mes de febreiro de 2013.



6.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.




Figura 9: Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1971-2000 do mes de febreiro de 2013.



6.3. Días de chuvia en febreiro de 2013

O número medio de días de chuvia (maior ou igual a 1 L/m²) foi de 13 días. Os lugares de maior porcentaxe de precipitación (figura 9) son tamén os que presentan un maior número de días de chuvia.




Figura 10: Días de chuvia superior a 1 L/m² durante o mes de febreiro de 2013.



A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia durante o mes de febreiro.

| Precipitacións acumuladas máximas en febreiro de 2013 | | | |
|-------------------------------------------------------|--------------|------------|----------------------------|
| Estación | Concello | Provincia | Chuvia (L/m ²) |
| Labrada | Abadín | Lugo | 227 |
| Coto Muiño | Zas | A Coruña | 214 |
| Xesteiras | Cuntis | Pontevedra | 214 |
| Borreiros | Viveiro | Lugo | 205 |
| Cespón | Boiro | A Coruña | 193 |
| Pereira | Forcarei | Pontevedra | 189 |
| Cariño | Cariño | A Coruña | 187 |
| Vilamor | Mondoñedo | Lugo | 182 |
| Marco da Curra | Monfero | A Coruña | 180 |
| Paramos | Val do Dubra | A Coruña | 178 |

Táboa 7: Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de febreiro de 2013.

| Precipitacións máximas en 24 horas (L/m ²) | | | | |
|--------------------------------------------------------|----------|------------|----------------------------|--------------------------|
| Estación | Concello | Provincia | Chuvia (L/m ²) | Instante de inicio (UTC) |
| Cespón | Boiro | A Coruña | 51 | 01/02/2013 11:20 |
| CMuiño | Zas | A Coruña | 49 | 01/02/2013 2:10 |
| Labrada | Abadín | Lugo | 47 | 01/02/2013 8:30 |
| Muralla | Lousame | A Coruña | 47 | 01/02/2013 0:00 |
| Borreiros | Viveiro | Lugo | 47 | 01/02/2013 9:00 |
| Olas | Mesía | A Coruña | 46 | 01/02/2013 11:40 |
| Xesteiras | Cuntis | Pontevedra | 46 | 01/02/2013 0:00 |
| Marco da Curra | Monfero | A Coruña | 44 | 01/02/2013 11:30 |
| Pereira | Forcarei | Pontevedra | 43 | 01/02/2013 2:10 |
| Cariño | Cariño | A Coruña | 42 | 01/02/2013 4:50 |

Táboa 8: Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de febreiro de 2013.



6.4. Evolución da precipitación en febreiro de 2013




Figura 11: Evolución da precipitación acumulada en febreiro respecto ó período 71-00.




Figura 12: Evolución da anomalía de precipitación en febreiro respecto ó período 71-00.



7 VENTO









Os ventos máis intensos transcorreron principalmente na xornada do día 10 de febreiro.

| Refachos máximos superiores aos 100 km/h en febreiro | | | | |
|------------------------------------------------------|--------------------|--------------------|------------|----------------|
| Data | Estación | Concello | Provincia | Refacho (km/h) |
| 10/02/2013 | Malpica | Malpica | A Coruña | 124.5 |
| 27/02/2013 | Xares | A Veiga | Ourense | 122.4 |
| 10/02/2013 | Punta Candieira | Cedeira | A Coruña | 114.4 |
| 01/02/2013 | Fragavella | Abadín | Lugo | 111.6 |
| 23/02/2013 | Fornelos de Montes | Fornelos de Montes | Pontevedra | 109.9 |
| 10/02/2013 | Coruña Dique | A Coruña | A Coruña | 105.5 |
| 10/02/2013 | Amiudal | Avión | Ourense | 103.0 |
| 10/02/2013 | Cariño | Cariño | A Coruña | 102.0 |
| 10/02/2013 | Ancares | Cervantes | Lugo | 101.6 |
| 10/02/2013 | Serra da Faladoira | Ortigueira | A Coruña | 101.3 |
| 10/02/2013 | Alto do Rodicio | Maceda | Ourense | 101.1 |
| 10/02/2013 | San Xoán de Río | San Xoán de Río | Ourense | 100.9 |
| 10/02/2013 | O Viso | Redondela | Pontevedra | 100.5 |

Táboa 9: Rexistros do refacho máximo superiores aos 100 km/h no mes de febreiro de 2013.





| PROVINCIA DE A CORUÑA | | | | | | |
|-----------------------|----------|-----------------------|----------------------|----------|-------------------------|--------------------------------|
| Estación | Concello | Refacho máximo (km/h) | Compoñente dominante | % calmas | Rosa dos ventos mensual | Velocidade media mensual (m/s) |
| | | Data | | | | |
| Lira | Carnota | 91.0 | NE | 8 | | |
| | | Día 28 | | | | |







| PROVINCIA DE A CORUÑA | | | | | | |
|-----------------------|------------|-----------------------|----------------------|----------|--------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------|
| Estación | Concello | Refacho máximo (km/h) | Compoñente dominante | % calmas | Rosa dos ventos mensual | Velocidade media mensual (m/s) |
| | | Data | | | | |
| Pta. Candieira | Cedeira | 114.4 | NE | 6 |  |  |
| | | Día 10 | | | | |
| Malpica | Malpica | 124.5 | E | 3 |  |  |
| | | Día 10 | | | | |
| Marco da Curra | Monfero | 90.8 | NE | 4 |  |  |
| | | Día 1 | | | | |
| Río do Sol | Coristanco | 85.5 | NE | 4 |  |  |
| | | Día 1 | | | | |

Táboa 10: Resumo do vento no mes de febreiro de 2013 na provincia de A Coruña.



| PROVINCIA DE LUGO | | | | | | |
|-------------------|-----------|-----------------------|----------------------|----------|-------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------|
| Estación | Concello | Refacho máximo (km/h) | Compoñente dominante | % calmas | Rosa dos ventos mensual | Velocidade media mensual (m/s) |
| | | Data | | | | |
| Burela | Burela | 89.4 | O | 6 |  |  |
| | | Día 1 | | | | |
| Ancares | Cervantes | 101.6 | N | 4 |  |  |
| | | Día 10 | | | | |

Táboa 11: Resumo vento no mes de febreiro de 2013 na provincia de Lugo

| PROVINCIA DE OURENSE | | | | | | |
|----------------------|----------|-----------------------|----------------------|----------|--------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------|
| Estación | Concello | Refacho máximo (km/h) | Compoñente dominante | % calmas | Rosa dos ventos mensual | Velocidade media mensual (m/s) |
| | | Data | | | | |
| Xurés | Muiños | 93.3 | NE | 11 |  |  |
| | | Día 10 | | | | |
| Rodicio | Maceda | 101.1 | NE | 4 |  |  |
| | | Día 10 | | | | |



| PROVINCIA DE OURENSE | | | | | | |
|----------------------|----------|-----------------------|----------------------|----------|-------------------------|--------------------------------|
| Estación | Concello | Refacho máximo (km/h) | Compoñente dominante | % calmas | Rosa dos ventos mensual | Velocidade media mensual (m/s) |
| | | Data | | | | |
| Gandarela | Celanova | 96.7 | NO | 18 | | |
| | | Día 10 | | | | |

Táboa 12: Resumo do vento no mes de febreiro de 2013 na provincia de Ourense.

| PROVINCIA DE PONTEVEDRA | | | | | | |
|-------------------------|--------------------|-----------------------|----------------------|----------|-------------------------|--------------------------------|
| Estación | Concello | Refacho máximo (km/h) | Compoñente dominante | % calmas | Rosa dos ventos mensual | Velocidade media mensual (m/s) |
| | | Data | | | | |
| Fornelos | Fornelos de Montes | 109.9 | N | 4 | | |
| | | Día 23 | | | | |
| Ons | Bueu | 97.3 | N | 3 | | |
| | | Día 10 | | | | |

Táboa 13: Resumo do vento no mes de febreiro de 2013 na provincia de Pontevedra.



8 RADIACIÓN SOLAR

8.1. Mapa de irradiación solar mensual




Figura 13: Irradiación mensual ($10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$) para o mes de febreiro de 2013.



8.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal




Figura 14: Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.



9 RAIOS

A rede de detección de raios de MeteoGalicia rexistrou un total de 347 raios en Galicia. Na figura 15 móstrase a distribución dos raios neste mes




Figura 15: Número de raios rexistrados en Galicia en febreiro de 2013.

A continuación móstrase este número de raios distribuído por provincias.




Figura 16: Número de raios rexistrados por provincias en febreiro de 2013.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2013 Mes: 2

| Provincia Estación | Tª °C | | | | Tª Mínima °C | | | Precipitación l/m2 | | | BHC l/m2 | Humidade Rel. % | | | Radiación Solar | | | Vento km/h | | Presión Media hPa | Nº Días | | |
|-----------------------|-------|------|------|-----|--------------|------|-----|--------------------|------|-----|-------------|-----------------|-----|-----|-----------------|-----------------|------------------------|-----------------|-----------------|----------------------|---------|-------|--|
| | Med | Med | Abs | Día | Med | Abs | Día | Acu | Max | Día | | Med | Max | Min | Insolación % | Horas de sol | Irradiación 10kJ/m2 | Veloc. media | Racha máxima | | Choiva | Xeada | |
| A Coruña | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| A Gándara | 6.9 | 9.3 | 13.5 | 15 | 5.0 | 1.1 | 11 | 98 | 23.2 | 1 | 69 | 88 | 97 | 74 | 23 | 67 | 603 | 23 | 97 | 972 | 20 | 0 | |
| Aldea Nova | 8.3 | 11.3 | 15.8 | 15 | 5.9 | 2.0 | 25 | 137 | 28.9 | 1 | 97 | 77 | 87 | 62 | 28 | 80 | 654 | 9 | 92 | 988 | 23 | 0 | |
| Camariñas | 11.0 | 12.7 | 14.9 | 1 | 8.9 | 4.1 | 25 | 38 | 19.2 | 22 | -- | 80 | 93 | 66 | 30 | 88 | 719 | - | - | - | 20 | 0 | |
| Cariño | 10.7 | 12.5 | 16.4 | 1 | 8.4 | 4.8 | 25 | 187 | 41.1 | 1 | 137 | 75 | 87 | 62 | 26 | 74 | 661 | 18 | 102 | 1018 | 26 | 0 | |
| Cespón | 9.2 | 13.3 | 19.1 | 15 | 5.8 | 0.0 | 25 | 193 | 49.6 | 1 | 152 | 83 | 95 | 64 | 36 | 106 | 772 | 8 | 83 | 1016 | 18 | 1 | |
| CIS Ferrol | 9.8 | 13.1 | 17.8 | 15 | 6.9 | 2.1 | 25 | 131 | 22.6 | 1 | 93 | 86 | 99 | 66 | 32 | 94 | 716 | 10 | 74 | 1017 | 23 | 0 | |
| Corrubedo | 9.7 | 12.8 | 15.1 | 15 | 6.9 | 2.6 | 25 | 79 | 16.5 | 1 | 34 | 81 | 93 | 65 | 40 | 117 | 828 | 13 | 81 | 1017 | 13 | 0 | |
| Coruña | 10.4 | 13.2 | 17.5 | 21 | 8.1 | 3.4 | 25 | 106 | 25.0 | 1 | - | 75 | 88 | 58 | - | - | - | - | - | - | 22 | 0 | |
| Coruña Dique | 10.4 | 12.4 | 16.1 | 18 | 8.0 | 2.7 | 25 | 62 | 10.6 | 1 | -- | 83 | 97 | 67 | - | - | - | 20 | 105 | 1020 | 22 | 0 | |
| Costa | 8.4 | 12.2 | 19.0 | 15 | 5.2 | -0.9 | 25 | 139 | 22.8 | 22 | -- | 80 | 91 | 62 | - | - | - | - | - | - | 18 | 1 | |
| Coto Muiño | 7.4 | 11.1 | 16.1 | 15 | 4.1 | -1.7 | 25 | 214 | 48.0 | 1 | - | 87 | 96 | 69 | - | - | - | - | - | - | 23 | 3 | |
| Fontecada | 7.3 | 10.8 | 17.5 | 15 | 4.6 | -0.5 | 25 | 174 | 39.2 | 1 | 143 | 89 | 97 | 73 | 28 | 82 | 670 | 11 | 77 | 977 | 21 | 1 | |
| Guísamo | 8.8 | 11.9 | 16.5 | 18 | 6.1 | 0.7 | 25 | 145 | 19.1 | 10 | -- | 75 | 87 | 59 | - | - | - | - | - | - | 22 | 0 | |
| Lesende | 8.6 | 11.9 | 18.3 | 15 | 5.6 | 0.2 | 25 | 149 | 23.8 | 10 | 110 | 79 | 89 | 62 | 33 | 94 | 721 | - | - | - | 19 | 0 | |
| Lira | 9.2 | 11.5 | 16.5 | 15 | 7.1 | 3.5 | 11 | 86 | 18.9 | 22 | 44 | 83 | 94 | 69 | 35 | 103 | 743 | 23 | 91 | - | 15 | 0 | |
| Lobeiras | 10.9 | 12.6 | 16.6 | 15 | 9.2 | 6.0 | 25 | - | - | -- | - | 79 | 89 | 67 | 35 | 101 | 726 | 23 | 97 | - | - | 0 | |
| Mabegondo | 8.6 | 12.6 | 16.5 | 15 | 4.7 | -1.7 | 25 | 107 | 19.0 | 1 | 70 | 82 | 93 | 66 | 31 | 89 | 696 | 7 | 67 | 1009 | 22 | 3 | |
| Malpica | 9.3 | 11.7 | 16.5 | 21 | 7.3 | 3.4 | 25 | 70 | 20.1 | 1 | 26 | 81 | 91 | 67 | 30 | 85 | 686 | 24 | 125 | 1001 | 20 | 0 | |
| Marco da Curra | 5.1 | 7.7 | 12.9 | 16 | 2.9 | -0.3 | 25 | 180 | 38.4 | 1 | 155 | 91 | 99 | 77 | 26 | 74 | 629 | 18 | 91 | 944 | 25 | 6 | |
| Melide | 6.0 | 10.2 | 16.2 | 15 | 2.7 | -1.9 | 25 | 152 | 33.5 | 10 | 121 | 86 | 96 | 67 | 26 | 74 | 619 | 9 | 65 | 964 | 23 | 6 | |
| Muralla | 5.3 | 8.0 | 14.4 | 15 | 3.1 | -1.0 | 25 | 173 | 46.6 | 1 | 149 | 94 | 100 | 80 | 34 | 98 | 727 | 27 | 93 | 943 | 21 | 5 | |
| O Val | 9.7 | 12.9 | 17.3 | 20 | 6.6 | 1.1 | 25 | 153 | 25.6 | 1 | - | 77 | 90 | 61 | - | - | - | - | - | 1013 | 22 | 0 | |
| Olas | 6.2 | 9.8 | 14.1 | 15 | 3.2 | -0.9 | 25 | 167 | 35.2 | 1 | - | 89 | 98 | 72 | 29 | 83 | 667 | - | - | - | 22 | 5 | |
| Paramos | 7.1 | 10.1 | 15.1 | 15 | 4.2 | -1.6 | 25 | 178 | 32.1 | 1 | - | 84 | 92 | 69 | - | - | - | - | - | 977 | 22 | 2 | |
| Pazo de Galegos | 8.0 | 11.9 | 18.5 | 15 | 4.3 | -2.8 | 25 | 130 | 20.4 | 10 | 97 | 80 | 91 | 62 | 27 | 79 | 570 | - | - | 994 | 21 | 1 | |
| Punta Candieira | 8.4 | 10.1 | 14.3 | 21 | 6.6 | 2.2 | 11 | 66 | 10.2 | 1 | 21 | 78 | 91 | 64 | 29 | 84 | 664 | 26 | 114 | 989 | 20 | 0 | |
| Punta Langosteira | 10.9 | 12.6 | 16.3 | 18 | 8.8 | 4.0 | 25 | -- | -- | -- | - | 75 | 89 | 61 | - | - | - | 21 | 95 | 1019 | -- | 0 | |
| Raído-Arzúa | 6.6 | 10.2 | 15.9 | 15 | 3.2 | -2.9 | 25 | 152 | 34.2 | 1 | -- | 85 | 96 | 68 | - | - | - | - | - | 977 | 22 | 4 | |
| Río do Sol | 6.1 | 9.2 | 14.0 | 15 | 3.7 | -0.1 | 25 | 132 | 32.7 | 1 | 106 | 90 | 98 | 76 | 25 | 73 | 621 | 21 | 86 | 957 | 21 | 1 | |
| Rus | 8.8 | 12.4 | 16.1 | 18 | 5.6 | 1.5 | 24 | 148 | 26.9 | 1 | - | 83 | 93 | 65 | - | - | - | - | - | 1004 | 21 | 0 | |
| Sabón | 10.6 | 12.8 | 16.4 | 21 | 8.2 | 2.3 | 25 | 69 | 15.4 | 1 | 15 | 73 | 84 | 59 | 26 | 74 | 662 | 19 | 92 | - | 23 | 0 | |
| Sálvora | 11.0 | 13.2 | 15.5 | 15 | 8.9 | 5.2 | 25 | 86 | 17.0 | 1 | 36 | 79 | 89 | 65 | 41 | 119 | 878 | 20 | 90 | - | 15 | 0 | |
| Santiago-EOAS | 7.9 | 11.3 | 18.3 | 15 | 5.0 | 0.3 | 25 | 128 | 28.8 | 1 | 93 | 87 | 98 | 70 | 32 | 94 | 722 | 8 | 65 | 990 | 20 | 1 | |
| Sergude | 7.6 | 11.7 | 18.2 | 15 | 4.1 | -1.9 | 25 | 117 | 27.3 | 1 | - | 87 | 98 | 67 | 31 | 90 | 681 | - | - | - | 23 | 2 | |
| Serra da Faladoira | 5.7 | 8.4 | 14.4 | 20 | 3.6 | 0.0 | 27 | 138 | 37.9 | 1 | 113 | 92 | 99 | 78 | 27 | 79 | 647 | 19 | 101 | 952 | 24 | 1 | |

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2013 Mes: 2

| Provincia Estación | Tª °C | | | | Tª Máxima °C | | | Tª Mínima °C | | | Precipitación l/m2 | | | BHC l/m2 | Humidade Rel. % | | | Radiación Solar | | | Vento km/h | | Presión Media hPa | Nº Días | | |
|-----------------------|-------|------|------|-----|--------------|------|-----|--------------|------|-----|--------------------|-----|-----|-------------|-----------------|-----|-----|-----------------|-----------------|------------------------|-----------------|-----------------|----------------------|---------|-------|--|
| | Med | Med | Abs | Día | Med | Abs | Día | Med | Abs | Día | Acu | Max | Día | | Med | Max | Min | Insolación % | Horas de sol | Irradiación 10kJ/m2 | Veloc. media | Racha máxima | | Choiva | Xeada | |
| Lugo | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| A Pontenova | 6.0 | 9.4 | 15.8 | 16 | 3.5 | 0.0 | 25 | 146 | 26.2 | 1 | - | 92 | 100 | 73 | 20 | 57 | 548 | - | - | - | - | - | - | 23 | 1 | |
| Abradelo | 4.0 | 7.5 | 15.6 | 16 | 1.3 | -2.5 | 23 | 94 | 21.3 | 1 | - | 85 | 95 | 69 | 26 | 75 | 662 | - | - | - | - | - | - | 22 | 11 | |
| Alto de Cerredo | 3.1 | 5.4 | 12.8 | 16 | 1.2 | -2.7 | 25 | 137 | 26.3 | 1 | -- | 91 | 97 | 78 | - | - | - | - | - | - | - | - | 909 | 22 | 13 | |
| Alto do Faro | 3.8 | 6.6 | 12.8 | 16 | 1.3 | -2.3 | 25 | 98 | 23.6 | 1 | - | 91 | 98 | 76 | - | - | - | - | - | - | - | - | 922 | 23 | 10 | |
| Alto do Poio | 1.1 | 3.3 | 10.3 | 16 | -0.9 | -5.5 | 23 | 121 | 24.8 | 1 | - | 92 | 99 | 79 | - | - | - | - | - | - | - | - | - | 21 | 17 | |
| Ancares | 0.2 | 2.8 | 9.3 | 20 | -1.9 | -6.9 | 23 | 124 | 20.8 | 1 | 69 | 91 | 97 | 80 | 27 | 78 | 652 | 21 | 102 | 864 | 23 | 18 | | | | |
| Borreiros | 8.6 | 12.6 | 17.0 | 21 | 5.2 | 1.9 | 28 | 205 | 38.1 | 1 | 170 | 81 | 94 | 61 | 22 | 64 | 586 | - | - | 1013 | 25 | 0 | | | | |
| Bóveda | 6.1 | 11.4 | 18.1 | 16 | 2.4 | -3.7 | 26 | 57 | 11.6 | 1 | - | 82 | 95 | 58 | 34 | 98 | 765 | - | - | - | - | - | 20 | 4 | | |
| Burela | 7.2 | 9.6 | 15.0 | 20 | 5.0 | 1.6 | 11 | 129 | 21.4 | 1 | 97 | 86 | 99 | 72 | 27 | 77 | 642 | 17 | 89 | 970 | 22 | 0 | | | | |
| Campus Lugo | 6.5 | 10.8 | 16.7 | 16 | 2.9 | -0.8 | 25 | 106 | 18.6 | 1 | 73 | 85 | 95 | 63 | 28 | 81 | 686 | 5 | 51 | 971 | 24 | 2 | | | | |
| Castro R. de Lea | 6.0 | 10.3 | 16.8 | 16 | 2.6 | -1.4 | 25 | 96 | 16.6 | 22 | - | 89 | 99 | 67 | 30 | 86 | 695 | - | - | 971 | 24 | 6 | | | | |
| Conchada | 4.7 | 9.0 | 16.0 | 16 | 1.7 | -3.5 | 26 | 85 | 18.3 | 1 | - | 81 | 94 | 63 | 36 | 106 | 790 | - | - | - | - | - | 20 | 9 | | |
| Corno do Boi | 4.4 | 7.4 | 14.0 | 16 | 2.1 | -1.6 | 25 | 128 | 25.3 | 1 | 77 | 93 | 99 | 78 | 25 | 74 | 619 | 15 | 87 | - | - | - | 23 | 10 | | |
| Courel | 4.0 | 7.7 | 15.8 | 16 | 1.1 | -4.6 | 25 | 93 | 28.4 | 1 | 38 | 79 | 94 | 62 | 25 | 72 | 620 | 10 | 94 | 929 | 18 | 10 | | | | |
| Fontaneira | 3.1 | 5.9 | 13.2 | 16 | 1.0 | -2.6 | 25 | 141 | 25.6 | 1 | 79 | 93 | 99 | 81 | 23 | 68 | 606 | - | - | - | - | - | 24 | 13 | | |
| Foz | 9.0 | 12.3 | 16.7 | 14 | 5.9 | 0.5 | 28 | 159 | 22.8 | 1 | - | 84 | 96 | 67 | 26 | 74 | 637 | - | - | - | - | - | 22 | 0 | | |
| Fragavella | 5.5 | 8.2 | 14.0 | 16 | 2.8 | -0.7 | 23 | 162 | 31.4 | 1 | 134 | 90 | 98 | 74 | 28 | 81 | 659 | 15 | 112 | 950 | 22 | 2 | | | | |
| Guitiriz | 4.9 | 8.2 | 15.1 | 16 | 2.5 | -1.2 | 23 | 135 | 26.4 | 1 | 110 | 92 | 99 | 77 | 25 | 72 | 618 | 13 | 83 | 940 | 23 | 7 | | | | |
| Labrada | 4.9 | 7.6 | 13.7 | 16 | 2.7 | -0.5 | 23 | 227 | 42.8 | 1 | 199 | 89 | 97 | 74 | 27 | 77 | 653 | - | - | - | - | - | 27 | 6 | | |
| Lanzós | 5.7 | 9.3 | 15.3 | 16 | 2.2 | -1.2 | 7 | 173 | 26.9 | 1 | -- | 85 | 94 | 68 | - | - | - | - | - | - | - | - | 964 | 21 | 6 | |
| Lourenzá | 8.3 | 12.7 | 19.4 | 20 | 4.7 | -1.6 | 28 | 155 | 25.6 | 1 | - | 84 | 96 | 62 | - | - | - | - | - | - | - | - | 22 | 1 | | |
| Marroxo | 5.3 | 9.1 | 14.5 | 16 | 2.4 | -1.9 | 25 | 58 | 14.2 | 1 | 24 | 84 | 95 | 66 | 32 | 94 | 703 | 8 | 60 | 946 | 19 | 8 | | | | |
| Míllara | 6.9 | 13.4 | 20.9 | 16 | 3.0 | -2.4 | 26 | 63 | 16.9 | 1 | - | 86 | 99 | 60 | - | - | - | - | - | - | - | - | 18 | 3 | | |
| Mourelle | 5.8 | 10.8 | 17.5 | 16 | 1.3 | -5.8 | 28 | 111 | 25.2 | 1 | 79 | 85 | 97 | 62 | 26 | 75 | 656 | - | - | 971 | 22 | 8 | | | | |
| O Cebreiro | 0.4 | 3.1 | 12.3 | 16 | -1.9 | -7.2 | 25 | 121 | 19.9 | 1 | -- | -- | -- | -- | 17 | 49 | 494 | -- | 95 | 869 | 23 | 18 | | | | |
| O Xipro | 3.9 | 7.1 | 14.2 | 20 | 1.5 | -2.3 | 25 | 159 | 24.8 | 1 | -- | 89 | 98 | 74 | 23 | 67 | 641 | -- | 74 | 927 | 23 | 12 | | | | |
| Olveda | 4.9 | 8.7 | 15.4 | 16 | 2.0 | -2.3 | 25 | 89 | 20.1 | 1 | 58 | 89 | 98 | 71 | 30 | 87 | 727 | - | - | - | - | - | 24 | 8 | | |
| Pedro Murias | 9.5 | 12.6 | 17.0 | 1 | 6.6 | 2.0 | 28 | 137 | 23.7 | 1 | 95 | 77 | 86 | 66 | 25 | 72 | 625 | 12 | 79 | 1015 | 21 | 0 | | | | |
| Penedo do Galo | 6.0 | 8.6 | 14.4 | 20 | 3.9 | 0.3 | 11 | 128 | 20.3 | 1 | - | 84 | 93 | 70 | 23 | 66 | 569 | - | - | - | - | - | 25 | 0 | | |
| Pol | 4.7 | 8.2 | 15.1 | 16 | 2.2 | -1.9 | 25 | 133 | 25.2 | 1 | - | 90 | 99 | 73 | 27 | 78 | 650 | - | - | - | - | - | 21 | 8 | | |
| Portomarín | 6.0 | 10.7 | 16.6 | 16 | 2.2 | -3.1 | 28 | 92 | 20.2 | 1 | - | 84 | 95 | 62 | 25 | 73 | 645 | - | - | 968 | 21 | 7 | | | | |
| Sambreixo | 5.7 | 9.8 | 16.1 | 16 | 2.0 | -2.8 | 25 | 119 | 21.6 | 1 | - | 88 | 97 | 68 | 29 | 85 | 695 | - | - | - | - | - | 23 | 8 | | |
| San Clodio | 6.8 | 12.1 | 19.0 | 16 | 2.9 | -3.5 | 28 | 81 | 16.6 | 1 | - | 81 | 96 | 57 | - | - | - | - | - | - | - | - | 990 | 16 | 5 | |
| San Fiz | 6.7 | 10.9 | 17.0 | 16 | 3.5 | -1.3 | 26 | 100 | 15.8 | 1 | 60 | 80 | 92 | 60 | 33 | 95 | 760 | - | - | 974 | 21 | 3 | | | | |
| Sobrecedo | 6.6 | 10.8 | 16.6 | 16 | 3.2 | -0.9 | 25 | 109 | 18.7 | 1 | - | 82 | 93 | 62 | - | - | - | - | - | - | - | - | 973 | 18 | 2 | |
| Ventosa | 3.1 | 6.0 | 12.7 | 16 | 0.5 | -3.2 | 28 | 130 | 24.6 | 1 | 103 | 87 | 96 | 73 | 24 | 71 | 626 | 10 | 96 | 914 | 23 | 13 | | | | |
| Vilamor | 8.6 | 12.6 | 18.8 | 20 | 5.1 | -0.9 | 28 | 182 | 27.4 | 1 | 146 | 79 | 90 | 59 | 24 | 69 | 594 | - | - | - | - | - | 22 | 1 | | |

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2013 Mes: 2

| Provincia Estación | Tª °C | | | | Tª Mínima °C | | | Precipitación l/m2 | | | BHC l/m2 | Humidade Rel. % | | | Radiación Solar | | | Vento km/h | | Presión Media hPa | Nº Días | | |
|-----------------------|-------|------|------|-----|--------------|------|-----|--------------------|------|-----|-------------|-----------------|-----|-----|-----------------|-----------------|------------------------|-----------------|-----------------|----------------------|---------|-------|--|
| | Med | Med | Abs | Día | Med | Abs | Día | Acu | Max | Día | | Med | Max | Min | Insolación % | Horas de sol | Irradiación 10kJ/m2 | Veloc. media | Racha máxima | | Choiva | Xeada | |
| Pontevedra | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| A Armenteira | 7.7 | 11.7 | 17.5 | 15 | 3.9 | -1.9 | 25 | 133 | 34.2 | 1 | 73 | 86 | 98 | 68 | 22 | 64 | 517 | - | - | - | 18 | 3 | |
| A Granxa | 8.2 | 13.9 | 19.0 | 15 | 3.5 | -2.7 | 26 | 111 | 17.2 | 22 | 68 | 79 | 91 | 55 | 40 | 117 | 829 | - | - | - | 17 | 5 | |
| A Lanzada | 9.5 | 13.3 | 15.9 | 18 | 5.9 | 1.1 | 24 | 100 | 24.6 | 22 | 55 | 84 | 96 | 66 | 41 | 118 | 832 | 13 | 68 | - | 15 | 0 | |
| Areas | 8.6 | 13.5 | 19.2 | 15 | 4.6 | -1.6 | 25 | 145 | 29.8 | 10 | - | 82 | 96 | 59 | - | - | - | - | - | - | 16 | 2 | |
| Areeiro | 9.2 | 13.0 | 17.2 | 15 | 5.7 | 0.9 | 25 | 110 | 29.4 | 22 | -- | 77 | 90 | 59 | -- | -- | -- | - | - | - | 17 | 0 | |
| As Eiras | 8.9 | 13.8 | 18.9 | 15 | 4.8 | -1.3 | 24 | 103 | 25.2 | 1 | 58 | 81 | 95 | 59 | 40 | 116 | 860 | - | - | - | 16 | 2 | |
| Barrantes | 8.4 | 13.0 | 17.3 | 15 | 4.1 | -2.1 | 25 | 84 | 21.8 | 1 | -- | 85 | 98 | 64 | 37 | 108 | 791 | - | - | - | 16 | 5 | |
| Caldas de Reis | 7.9 | 11.9 | 18.1 | 15 | 4.8 | -0.5 | 25 | 98 | 28.4 | 10 | -- | 84 | 97 | 63 | 38 | 109 | 778 | - | - | 989 | 18 | 1 | |
| Camanzo | 7.6 | 11.7 | 17.8 | 15 | 4.0 | -2.2 | 25 | 122 | 18.9 | 10 | -- | 80 | 92 | 61 | - | - | - | - | - | 996 | 22 | 3 | |
| Castrelo | 9.2 | 13.1 | 16.8 | 18 | 5.5 | -0.4 | 25 | 94 | 23.2 | 1 | -- | 83 | 93 | 67 | 39 | 114 | 845 | - | - | - | 16 | 1 | |
| Castro Vicaludo | 6.9 | 9.7 | 14.0 | 15 | 4.6 | 0.1 | 25 | 82 | 14.5 | 1 | 46 | 86 | 96 | 72 | 42 | 122 | 848 | 19 | 95 | 964 | 15 | 0 | |
| Castrove | 7.2 | 10.3 | 16.8 | 15 | 5.0 | 1.0 | 11 | 133 | 36.6 | 1 | 97 | 87 | 97 | 73 | 38 | 109 | 796 | 17 | 79 | 969 | 17 | 0 | |
| Cequeliños | 8.0 | 12.8 | 18.8 | 15 | 4.2 | -1.1 | 26 | 108 | 25.2 | 10 | 68 | 88 | 100 | 63 | 40 | 117 | 844 | - | - | - | 16 | 3 | |
| Corón | 10.1 | 12.9 | 17.4 | 15 | 7.4 | 1.8 | 25 | 97 | 23.0 | 1 | 49 | 78 | 89 | 61 | 39 | 114 | 853 | 14 | 88 | 1019 | 12 | 0 | |
| Entenza | 8.3 | 13.6 | 18.8 | 15 | 3.8 | -2.0 | 25 | 113 | 24.6 | 21 | 71 | 85 | 99 | 61 | 40 | 116 | 844 | - | - | - | 17 | 4 | |
| Fornelos de Montes | 5.2 | 8.4 | 15.3 | 15 | 2.6 | -2.1 | 25 | 147 | 36.8 | 1 | 77 | 86 | 96 | 72 | 38 | 109 | 774 | 21 | 110 | 938 | 16 | 6 | |
| Illas Cíes | 10.6 | 13.2 | 15.8 | 15 | 8.3 | 4.1 | 25 | 63 | 15.2 | 1 | 11 | 78 | 89 | 64 | 46 | 135 | 912 | 12 | 80 | - | 14 | 0 | |
| Louredo | 7.7 | 11.6 | 16.5 | 15 | 4.2 | -1.1 | 26 | 103 | 17.9 | 21 | - | 80 | 92 | 62 | - | - | - | - | - | 991 | 17 | 2 | |
| Lourizán | 9.1 | 14.1 | 17.7 | 15 | 5.4 | 0.3 | 25 | 106 | 28.6 | 22 | 67 | 84 | 93 | 60 | 34 | 99 | 757 | 4 | 56 | 1015 | 16 | 0 | |
| Meder | 8.5 | 13.6 | 18.6 | 15 | 4.5 | -0.2 | 26 | 101 | 22.7 | 21 | -- | 77 | 90 | 56 | - | - | - | - | - | 1003 | 16 | 2 | |
| Monte Aloia | 6.9 | 10.7 | 17.5 | 15 | 4.2 | -0.3 | 26 | 104 | 25.5 | 1 | 66 | 82 | 92 | 67 | 32 | 94 | 761 | 8 | 72 | 963 | 14 | 1 | |
| Mouriscade | 5.6 | 10.2 | 16.6 | 15 | 1.2 | -5.1 | 25 | 115 | 24.6 | 1 | 78 | 85 | 92 | 73 | 37 | 107 | 808 | 7 | 66 | 961 | 23 | 9 | |
| O Viso | 8.1 | 12.5 | 17.7 | 15 | 5.1 | 0.8 | 26 | 85 | 22.3 | 10 | 40 | 80 | 92 | 62 | 41 | 119 | 816 | 13 | 101 | 989 | 15 | 0 | |
| Ons | 9.5 | 12.2 | 15.9 | 15 | 7.3 | 2.6 | 25 | 83 | 22.2 | 22 | 39 | 80 | 91 | 65 | 40 | 115 | 874 | 22 | 97 | 1007 | 13 | 0 | |
| Pé Redondo | 9.2 | 13.1 | 18.0 | 15 | 5.9 | 1.0 | 25 | 108 | 27.2 | 1 | -- | 84 | 95 | 66 | 34 | 98 | 745 | - | - | - | 19 | 0 | |
| Pereira | 4.9 | 8.4 | 16.4 | 15 | 2.3 | -1.7 | 24 | 189 | 42.4 | 1 | - | 93 | 100 | 76 | 35 | 102 | 773 | - | - | 937 | 21 | 7 | |
| Queimadelos | 7.3 | 11.6 | 18.1 | 15 | 4.3 | 0.3 | 24 | 123 | 25.2 | 10 | 90 | 84 | 94 | 68 | 23 | 67 | 648 | 4 | 70 | 978 | 16 | 0 | |
| Rebordelo | 6.7 | 11.2 | 16.7 | 15 | 2.6 | -2.4 | 24 | 159 | 40.4 | 1 | - | 83 | 96 | 63 | 36 | 106 | 767 | - | - | 978 | 20 | 5 | |
| Sanxenxo | 9.9 | 13.5 | 17.4 | 15 | 6.7 | 1.7 | 25 | 107 | 27.4 | 1 | 59 | 78 | 90 | 61 | 41 | 120 | 867 | 6 | 56 | 1017 | 16 | 0 | |
| Serra do Faro | 2.7 | 5.6 | 12.0 | 15 | 0.5 | -3.5 | 25 | 108 | 23.2 | 1 | 90 | 97 | 100 | 85 | 28 | 80 | 668 | 24 | 95 | 905 | 22 | 14 | |
| Simes | 9.3 | 13.5 | 18.2 | 15 | 5.3 | 0.4 | 25 | 103 | 26.1 | 1 | -- | 84 | 96 | 64 | -- | -- | -- | - | - | - | 15 | 0 | |
| Soutomaior | 8.5 | 12.7 | 16.9 | 15 | 5.3 | 0.6 | 24 | 114 | 19.1 | 21 | -- | 76 | 87 | 58 | - | - | - | - | - | - | 18 | 0 | |
| Torrequeintás | 9.0 | 13.2 | 17.6 | 15 | 5.2 | -0.6 | 25 | 95 | 18.3 | 22 | 51 | 78 | 90 | 59 | 38 | 111 | 782 | - | - | 1013 | 21 | 1 | |
| Tremoedo | 9.1 | 13.2 | 17.8 | 15 | 5.5 | 0.1 | 25 | 113 | 19.7 | 21 | -- | 77 | 89 | 59 | -- | -- | -- | - | - | - | 17 | 0 | |
| Vigo | 9.6 | 13.9 | 19.4 | 15 | 6.2 | 1.0 | 25 | 79 | 15.2 | 1 | - | 82 | 96 | 58 | - | - | - | - | - | - | 14 | 0 | |
| Vigo-Campus | 7.4 | 10.4 | 15.8 | 15 | 5.2 | 1.8 | 26 | 89 | 20.3 | 1 | 19 | 60 | 70 | 48 | 41 | 119 | 851 | 10 | 73 | 966 | 15 | 0 | |
| Vigo-II Marinas | 10.3 | 14.0 | 17.6 | 15 | 7.3 | 2.7 | 25 | 89 | 18.3 | 10 | -- | -- | -- | -- | -- | -- | -- | -- | -- | -- | 17 | 0 | |
| Xesteiras | 4.8 | 7.7 | 15.3 | 15 | 2.6 | -1.3 | 25 | 214 | 45.6 | 1 | - | 89 | 97 | 74 | - | - | - | 28 | 98 | - | 21 | 8 | |

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.